

Facultade de Filoxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 17/09/2020

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 17 de setembro no Sala de Xuntas 1 da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Javier de Agustín Guijarro

Inmaculada Báez Montero

Ana Bringas López (PDI)

Antonio Chas Aguión

Alexia Dotras Bravo

Jorge Figueroa Dorrego

María Dolores González Álvarez

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso (PDI)

Maribel del Pozo Triviño

Antonio Rifón Sánchez

Alexandre Rodríguez Guerra

José Yuste Frías

Desculpan

Carmen Cabeza Pereiro (PDI)

Ana María Pereira Rodríguez

Helena Cortés Gabaudan

Fernando Ramallo Fernández

Non asisten

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudante)

Tania Souto Rodal (estudante)

Belén Otero Rey (PAS)

Ábrese a sesión ás 11:00.

Punto único da orde do día

Aprobación, se procede, do documento para a Renovación da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución.

O decano inicia a súa intervención dando a benvida aos novos integrantes da Comisión de Calidade: os profesores Javier de Agustín Guijjaró, coordinador do mestrado en Tradución Multimedia, Helena Cortés Gaubaran, coordinadora do grao en Linguas Estranxeiras e Alexia Dotras Bravo, representante das persoas tituladas.

Toma a palabra a vicedecana de calidade que comeza agradecendo á anterior coordinadora de Calidade o seu traballo en prol do informe que se presenta para a súa aprobación. A vicedecana lembra que a facultade obtivo a certificación da implantación do seu sistema de calidade o 7 de outubro de 2014, houbo que facer un informe de seguimento da certificación no 2017 e os comentarios a ese informe do equipo auditor da ACSUG foron remitidos en xullo de 2018. Agora hai que volver a solicitar a renovación da certificación pois transcorreron seis anos desde a súa obtención, como se establece na guía publicada pola ACSUG. Explica que no informe tentouse describir cal é a situación actual das non conformidades detectadas pola ACSUG no seu último informe de 2018 e das accións de mellora que o equipo auditor considerou que estaban abertas ou que tiñan un peche parcial.

Tamén sinala que no informe contestáronse todas as alegacións tentado demostrar que a maior parte das accións de mellora do sistema de calidade comprometidas foron completadas. Por exemplo, na Comisión de Calidade aprobouse recentemente o documento de *Xestión de recursos materiais e servizos*, e incorporouse á comisión unha representante das persoas tituladas. Ademais, incorporouse o estudantado a moitas das comisións delegadas da FFT, remodelouse a web da Facultade, e este mesmo mes púsoxe en funcionamento, no mesmo formato que a web da facultade, a nova web do MILA, intentando dar resposta a non conformidade “a información que a web proporciona respecto o Sistema de Garantía de Calidade é deficiente”. É certo que algunha non conformidade non se puido responder como, por exemplo, “analizar na Comisión de Calidad as necesidades de profesorado dos diferentes departamentos da FFT e enviar a quen corresponda a súa análise e as súas suxerencias” porque as necesidades de dotación do PDI non é competencia do centro nin desta Comisión de Calidade.

Finalmente, a vicedecana informa de que o proceso de renovación da certificación completárase cunha revisión dos rexistros que farán desde a ACSUG accedendo directamente á aplicación do Sistema de calidade, unha revisión da información pública na web e unha visita dos avaliadores que será con toda probabilidade a través de sesións virtuais, fundamentalmente coa Comisión de Calidade e o Equipo Decanal).

Apróbase por asentimento

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 11:15.

Vigo, 17 de setembro de 2020

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 21/12/2020

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero